

LINGUAS, GLOBALIZACIÓN E INTERCULTURALIDADE UNHA REFLEXIÓN DESDE O GALEGO

Henrique Monteagudo*

Resumo

A globalización neoliberal tende a reducir o valor das linguas á súa dimensión económica, reducíndoas a mercadorías (*comodificación*). A vella noción de comunidade lingüística-cultural sofre a competencia da nova noción de mercado lingüístico. Por outra banda, a globalización tamén erosiona o estatus das linguas oficiais dos estados nacións, favorecendo a posición do inglés, mentres que as novas tecnoloxías da comunicación ofrecen máis posibilidades de visibilización dunha diversidade lingüística previamente ocultada. Culminará a tendencia uniformizadora coa definitiva imposición da *lingua global*? Poderán algunhas das grandes linguas, como o español ou o portugués, atopar acomodación como linguas de comunicación internacional? Que vai acontecer coas linguas menores? Do que non hai dúbida é de que a comodificación das linguas resulta incompatible coa interculturalidade, desde que baleira e desposúe ás linguas da súa bagaxe cultural. Non obstante, a volta ao vello escenario da lingua nacional do estado monolingüe é inviable. Neste contexto, cómpre vindicar a alternativa ecolingüística, de respecto á diversidade lingüística. Non será renunciando á súa condición bilingüe e dispersa como conseguirán abrir camiño comunidades lingüísticas menores como a galega. En canto ao espazo ibero-(afro-)americano, o futuro virá da construción dun espazo de comunicación horizontal entre socios libres, diversos e iguais. A clave radica en activar e fomentar o coñecemento

* Forma parte do Instituto da Lengua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Profesor de Filoloxía Galega e Portuguesa, é especialista en Sociolingüística e Historia da Lingua. Foi docente convidado na University of Birmingham, City University of New York, University of California – Santa Barbara, Universidade de Lisboa, Universidade de Coimbra, Universidade de São Paulo, Universidade Federal Fluminense, Universidad de Buenos Aires e Universidad de la República (Montevideo). Son obras súas: *Historia social da lingua galega* (1999), *Galego e Portugués Brasileiro. História, variação e mudança* (coeditor, 2012), *Linguas, sociedade e política* (editor, 2012). É tamén codirector de *Grial. Revista Galega de Cultura*. Desde 2013 é Secretario da Real Academia Galega.

E-mail:henriquemonteagudo@gmail.com.

e recoñecemento recíprocos, valorizando a nosa rica diversidade cultural e a vantaxe da mutua comprensión entre as nosas linguas.

Palabras-clave: globalización; lingua e cultura; diversidade lingüística; espazo de comunicación ibero-afro-americano; galego

“Lingua, globalización e interculturalismo”: O tema é tan suxestivo como inabarcábel, polo que se impón acoutalo dalgún xeito. No presente contributo acoutarémolo mediante dous recortes. Dunha banda, desenvolveremos a presente achega desde a focaxe da socio-/ecolingüística, pertinente no contexto do presente congreso. Por outra banda, situándonos no punto de vista da nosa propia historia, contemplarémolo desde a peculiar posición do idioma galego, pois entendemos que a súa condición de lingua minorizada e marxinada, propia dunha comunidade non só bilingüe, mais sobre todo periférica –como é a galega– pode ser elucidadora de varios dos aspectos que se levantan cando tratamos esta cuestión.

No título do noso traballo referímonos ás *Linguas* en plural, mellor cá *Lingua*, en singular. *Linguas* e non *lingua*: por que? Porque se nos situamos na perspectiva eco- ou sociolingüística, no centro do noso asunto está non tanto *A Lingua*, esa entidade que se nos presenta uniforme e monolítica, como a *diversidade lingüística*, noción que abranxe a un tempo a pluralidade de linguas –o feito de que os seres humanos non falamos todos unha única lingua, senón unha multiplicidade delas– e mais a variación interna de cada lingua –o feito de que cada lingua non é unha entidade uniforme senón o que tecnicamente denominamos un *diasistema*, un sistema de sistemas, internamente diversificado. De feito, as dúas faces da diversidade acaban por ser moito máis próximas do que pode parecer a primeira vista. A pregunta, por tanto, sería: como afecta a globalización á diversidade lingüística? Doutro xeito: que novidades supón a globalización en termos de valorización e de xestión de tal diversidade?

O primeiro que debemos ter en conta é que a *globalización* non constitúe un fenómeno unidireccional e perfectamente coherente, senón un conxunto extremadamente intrincado de procesos en parte contraditorios. Por tanto, os seus efectos sobre a diversidade lingüística son tamén complexos e parcialmente contraditorios (Coupland, 2010; Martins, 2011). Así, dunha parte, coa unificación dos mercados, a hexemonía das grandes empresas multinacionais, a relevancia crecente dos organismos internacionais de diverso tipo, o dominio das industrias do entretemento

norteamericanas e a interconexión de todos os recantos do planeta mediante unha multiplicidade de medios de comunicación, a globalización favorece extraordinariamente a difusión de linguas de comunicación internacional, nomeadamente unha, o inglés, ao punto de que este é considerado ‘o idioma da globalización’, ben que este xa non é o inglés culto británico ou norteamericano, mais si unha serie de modalidades derivadas desa lingua, que configuran o antes chamado *inglés internacional* e agora coñecido mellor como *inglés global* (Crystal, 1997). Poderíamos dicir que esta tendencia da globalización vai da man do auxe do ultraliberalismo que tende á mercantilización das culturas, á *comodificación* destas e mais das linguas – a súa conversión en puras mercadorías –, asunto sobre o que decontado tornaremos.

Doutra banda, a ampliación e a maior accesibilidade da comunicación a través de redes horizontais, abertas, non centralizadas nin xerarquizadas (facilitado por Internet), permite a emerxencia, visibilización e interconexión dunha polimorfa diversidade lingüística e cultural previamente submerxida, invisibilizada e fragmentada. De súpeto, moitas máis persoas en todo o mundo son conscientes da inmensa variedade de idiomas que se falan no planeta, e moitas persoas falantes de idiomas que antes non tiñan acceso a medios de comunicación minimamente sofisticados, empregan as novas tecnoloxías para conectarse entre si e para dar a coñecer o seu idioma e a súa cultura. Antes, as comunidades lingüísticas pequenas, en moitos casos subalternas e dispersas, dificilmente conseguían soste medios de comunicación que eran moi custosos, mentres que na actualidade teñen da posibilidade de artellar medios sostibles a moito menor custo.

Deste xeito, falando da diversidade lingüística, imperceptiblemente deixámonos esvarar cara á diversidade cultural, e con isto pasamos ao outro termo que completa a tríade do noso título: o interculturalismo ou *interculturalidade*. É que as linguas – e cómpre insistir sobre isto precisamente no marco dos estudos de comunicación – non son en exclusiva nin principalmente, como tantas veces se proclama, códigos ou instrumentos de comunicación, que teñen un valor calculable en termos económicos, dependendo do tamaño da súa audiencia/mercado – de onde a hipervaloración actual da función comunicativa da lingua no contexto da globalización, asunto sobre o que axiña tornaremos (Heller & Duchêne, 2012). A linguaxe é un *órgano*, non un *instrumento*, da nosa mente: por iso se ten afirmado que cada lingua nos ofrece unha visión do mundo, nos dá o mundo visto dunha determinada maneira (Monteagudo, 2002)¹.

1 Anotemos de camiño que esta afirmación ás veces esta afirmación é mal interpretada: unha *visión* do mundo non constitúe unha *concepción* do mundo. Unha lingua non impón unha determinada

Pero, ademais de códigos útiles para a comunicación e órganos de ordenación da realidade na nosa mente, as linguas teñen unha función expresiva: a través da lingua e do discurso construímos a nosa identidade, tanto a individual coma a social – desde a identidade de xénero ou de clase social ata a de grupo etario ou profesional, étnica ou nacional. Precisamente estas dúas dimensións das linguas, como órganos do pensamento e como constitutivas da identidade, son as que as converten en infraestructuras básicas e expresións sobranceiras das culturas. E por isto é pertinente relacionar *globalización e linguas* con *interculturalidade* (Bruthiaux, 2008).

O paradigma napoleónico: estado, nación, lingua

Vexamos, pois, como afecta a globalización ás linguas canto que constitutivas das identidades culturais. Preguntémonos primeiro: como era xestionada a diversidade lingüística na época moderna, digamos na *contemporaneidade clásica*, antes do estoupido da globalización? A noción clave para entender o modo de xestión dominante nesa etapa histórica é a *lingua nacional*, moldeada conforme o modelo napoleónico: un estado, unha soa nación, unha única lingua (Monteagudo, 2012). A diversidade lingüística da humanidade organizábase xerarquicamente arredor dunha serie de idiomas de estado, cada un dos cales expresaba –ou iso se pretendía– unha cultura nacional. Dentro de cada estado, toda outra lingua ou modalidade lingüística se subordinaba a esa lingua nacional de estado. Por suposto, algunhas linguas eran faladas en máis de un estado, mentres que outras eran utilizadas na comunicación internacional (na diplomacia, na ciencia, nos comercio e os negocios), pero estes eran fenómenos complementarios ou secundarios en relación co padrón principal de ordenamento dos espazos lingüístico-comunicativos e simbólico-identitarios – en definitiva, das comunidades lingüísticas – en territorios estado-nacionais definidos polo predominio dun determinado idioma e só ese.

As venerables ‘grandes linguas de civilización’ estado-nacionais eran imaxinadas como uniformes, fixas, monolíticas, coroadas por un ‘centro’, que era a súa variedade *superior*: na escrita, a lingua literaria; na fala, a da conversa formal

ideoloxía – unha concepción do mundo –, senón que ofrece unha perspectiva peculiar sobre a realidade, unha específica ordenación desta.

das clases altas educadas (sempre tendo en conta que a forma ideal dun idioma era escrita, en canto que a fala viña a ser considerada unha versión deturpada ou imperfecta desta). As linguas estado-nacionais eran monárquicas, ou, como moito, aristocráticas ou elitistas: lembremos aqueles manuais titulados *The King's English* ou *The Queen's English*. As academias, os dicionarios, o uso das calses cultivadas marcaban o que era 'correcto'; o resto era 'incorrecto'. De feito, *A Lingua* identifícase coa súa modalidade culta, estándar, escrita, a que describían as gramáticas, a que se ensinaba na escola, a que se codificaba na ortografía e nos dicionarios a que falaban as persoas cultas en contextos formais: *O Francés*, *O Italiano*, *O Español*, *O Alemán*, *O Portugués* tomaban corpo naquelas modalidades cultivadas e codificadas e confundíanse con estas (Joseph, 1987). Por outra banda, as grandes linguas de civilización tiñan o seu berce en Europa, e aquelas que por avatares da historia se difundiran fóra de Europa tiñan o seu centro aquí. Todo ao máis a que podían aspirar os ianquis, os hispanoamericanos, os brasileiros... era a imitar as formas de falar e escribir correctas das elites educadas de Inglaterra, España ou Portugal. Os malpocados africanos malamente podían aspirar nin sequera a iso.

A nación ideal, co seu estado propio, era monolingüe, e o falante ideal era tamén monolingüe: a cultura lingüística do estado-nacionalismo era e é estritamente *monoglósica*. O bilingüismo –ou máis en xeral, o poliglotismo– era unha condición especial dunha reducida elite privilexiada, ou ben era unha condena que recaía en emigrantes e /ou falantes de linguas subalternas. Calquera desviación da norma lingüística era condenable –un desvío, unha anomalía, unha dexeneración– e o contacto e a mestura de linguas constituían o cúmulo da aberración: se falar un *patois* (i.e., dialecto) era desprezable ou ridículo nunha persoa culta (aínda que desculpable nun pobre aldeán), como comportamento propio de analfabetos, linguaxar *creoulo* era inequívoco e perturbador síntoma de confusión mental, peor aínda, de déficit de humanidade.

Sintetizando moito, ese foi o paradigma occidental moderno de xestión da diversidade lingüística: o ideal (ou, visto desde outro ángulo, o obxectivo) era a creación de espazos lingüísticos homoxéneos dentro dos límites de cada estado, coa imposición da lingua nacional dese estado e a subordinación e finalmente a eliminación de calquera outra lingua que existise previamente dentro do territorio do estado. A diversidade lingüística, pois, imaxinábase fundamentalmente territorializada, e, como dixemos, verquida nos moldes do estado-nación: cada lingua –cada comunidade lingüística– tiña un territorio, cada territorio unha lingua. Dentro de cada lingua, existía unha rixida xerarquía cunha variedade (ou conxunto

de variedades) ‘centrais’, *estándar*, e toda unha panoplia de variedades periféricas ou marxinais, subestándar. O monolingüismo, do individuo e da comunidade, era a norma, a mestura de linguas unha anomalía que requiría rectificación.

A globalización, un paradigma emerxente? Contradicións

O efecto da globalización sobre o devandito paradigma resulta ser triplamente erosionador. Por arriba, imponse o inglés como lingua de comunicación global, secundarizando todas as outras linguas, incluso as antes venerables ‘grandes linguas de civilización’, que se ven rebaixadas e humilladas: a rápida decadencia do francés na segunda metade do século pasado ilustra perfectamente o fenómeno (Calvet, 1999 e 2002). Esas vellas glorias xa non son intermediarios obrigatorios para os falantes de idiomas menores que queren acceder á comunicación internacional, pois estes poden facelo prescindindo delas, a través do inglés. O estatus das linguas estado-nacionais aparece, pois, degradado, ou ao menos relativizado. Isto explica tamén que países que estaban instalados nunha cultura lingüística rexamente monoglósica (auténticos abandeirados dela), como é Francia, de súpeto desen en descubrir as bondades da ‘diversidade lingüística’: non unha diversidade lingüística auténtica, pluralista e igualitaria, senón unha diversidade mínima, a dose xusta que lle permita abrirse un oco ao francés ao pé do inglés, ao menos no apetitoso mercado do ensino/aprendizaxe de linguas estranxeiras. Tamén, pola mesma razón, outras linguas se apresuran a redefinirse como internacionais: o español e o portugués están no caso. Diremos dúas palabras sobre isto máis adiante.

Pero, como antes afirmamos, a globalización é contraditoria: por unha banda favorece a difusión do inglés e, en menor medida, doutras superlingüas internacionais, pero por outra banda facilita o afloramento da diversidade lingüística de base (Valle, 2011). Así, as grandes linguas de extensión internacional descóbreanse a si mesmas policéntricas (Clyne, 1992; Pöll, 2001). Estas linguas son cada vez menos imaxinadas, tal como acontecía antes, como entidades compactas e uniformes coroadas por un centro superior, ordenadas nunha xerarquía ríxida; pola contra, cada vez máis as linguas pasan a ser contempladas como espazos diversificados e multidimensionais: xa que logo, as nocións de ‘centro’ e ‘periferia’ esváense e a dicotomía entre o ‘correcto’ e o ‘incorrecto’ perde valor normativo. A pluralidade e a diversidade deixan de ser vistas como desorde, caos, disgregación, a unidade

xa non segue sendo sinónimo de uniformidade e comeza a entenderse como harmonía e compatibilidade das diferenzas.

En consecuencia, a diversidade lingüística xa non é necesariamente xulgada como un molesto herdo do subdesenvolvemento que cómpre remover por mor de progresar, mais como unha riqueza e talvez un recurso de valor imponderable no porvir. As linguas menores xa non son unanimemente contempladas no peor dos casos como obstáculos na *inexorable* marcha da humanidade cara á unificación e no mellor como reliquias que se deben conservar en museos. O multilingüismo non é xa unha condena babélica, senón unha vibrante expresión da orixinalidade e a capacidade de adaptación aos distintos medios naturais e condicións históricas das comunidades humanas. De aí o nacemento da ecolingüística como reformulación da sociolingüística (Bastardas i Boada, 1996).

Na mesma liña, o monolingüismo xa non é o ideal, senón case unha limitación, e o políglotismo é revalorizado e fomentado: véxase senón os programas europeos para a aprendizaxe de segundas e terceiras linguas estranxeiras. Por parte, a explosión das comunicacións, en particular das redes asociadas ás novas tecnoloxías, contribúen a desterritorializar os espazos lingüísticos. Coas novas tecnoloxías, a escrita xa non está no centro, senón que gaña preeminencia a fala canda a imaxe. As experiencias de emigración e de fronteira, o contacto de linguas, as variedades mestizas, son revalorizadas como contextos e ocasións favorables para a xeración de novas redes e de novos modos de interrelación e a emerxencia da creatividade humana.

E, como se pon de relevo no que acabamos de dicir, alá onde van as linguas, van as identidades: ou mellor, linguas e identidades van da man. A tradicional concepción esencialista, fixista, monolítica da identidade propia do estadio 'estato-nacional' vai cedendo terreo ante a aparición das novas identidades múltiples e esvaradías da globalización, capaces de solaparen e compatibilizaren unha diversidade de referentes (desde o plano local ao continental), unhas identidades dinámicas, portátiles, ás veces volátiles e mesmo mutantes. Das culturas autor-referentes e os canons consagrados pasamos a proteicos procesos de hibridamento, interculturalismo e transculturalización (Heller 2011; Heller & Duchêne, 2012). Ora, non podemos pasar por alto a asociación crecente da globalización co auxe do neoliberalismo, o cal no ámbito das linguas e culturas significa a súa mercantilización ou que, *faute de mieux*, podemos denominar *comodificación* (Tan & Rubdy, 2008), isto é, a súa conversión en puras mercadorías. O valor económico dunha lingua está intimamente vencellado, como é obvio, ao seu

potencial comunicativo, xa que, simplificando moito, aquel equivale á cantidade de riqueza agregada dos seus usuarios (consumidores) reais ou virtuais, cantidade que, loxicamente, garda relación co número total destes. Co asoballante auxe da globalización, pasouse de enfatizar o valor económico das linguas a contemplalas exclusivamente (ou case) desde o reducionista punto de vista económico ou utilitario, espaldas do ‘peso’ das culturas específicas a que están vencelladas. Os vellos discursos que facían repousar o valor da lingua na súa asociación cunha identidade nacional forte, na que tradición cultural, e especialmente o prestixio da súa literatura, adoitaba a xogar un importante papel, recúan fronte os novos discursos sobre a súa condición de vehículo de comunicación internacional e o valor de mercado, real ou imaxinario, que se lle atribúe: da noción de *comunidade lingüística* pasamos á de *mercado lingüístico* (Heller & Duchêne, 2012). Resulta significativo que se procuramos na rede ‘valor económico do portugués’ ou ‘do español’, inmediatamente aparecen ligazóns que se refiren a estes idiomas como linguas de comunicación internacional².

O asunto é tratado con moitísima frecuencia e conspicua saliencia nos principais medios de comunicación de España e Portugal, con titulares e informacións do teor das seguintes:

EL REY DEFIENDE LA IMPORTANCIA DEL ESPAÑOL
COMO ACTIVO ECONÓMICO.

“El idioma español se ha convertido ya en la segunda lengua de comunicación internacional y en un activo económico de primer orden”. Esta afirmación la ha hecho el Rey en el solemne acto de presentación de la 23ª edición del *Diccionario de la lengua española* celebrado este viernes, en la sede de la Real Academia Española.” (*El País*, 17/10/2014)⁴

2 Véxanse títulos como *Valor económico del español* (Delgado / Alonso / Jiménez 2012). Como non é este o tema da nosa disertación, non imos deternos nel nin na amplísimas bibliografía que arredor del se produciu nos últimos anos. A título orientativo, pode consultarse os sitios webs sobre o asunto do Instituto Cervantes e do *Observatório da Língua Portuguesa*.

Retirado de http://www.cervantes.es/bibliotecas_documentacion_espanol/valor_economico_espanol/libros.htm.

<http://observatorio-lp.sapo.pt/geopolitica/o-valor-economico-da-lingua-portuguesa>.


3 Retirado de http://cultura.elpais.com/cultura/2014/10/17/actualidad/1413548153_026732.html.

As estimacões económicas, adoito realizadas con criterios opacos ou discutibles, ofrecen resultados ora improbables ora torpemente manipulados, acompañados de interpretacións fantasiosas, deste teor:

“El español genera en la actualidad el 16% del valor económico del Producto Interior Bruto (PIB) y el “factor ñ” de los contenidos en ese idioma provenientes de las industrias culturales aporta el 3% del PIB en España, según un nuevo estudio de la presentado hoy en Nueva York. El informe, titulado *El valor económico del español: una empresa multinacional*, revela que ese idioma es el activo intangible más valioso que posee la economía, y destaca que es la única de las grandes lenguas internacionales que hoy tiene un diccionario, una ortografía y una gramática comunes. (ABC, 7/12/2011)⁵.

Outro exemplo, este gráfico, no sentido máis literal da palabra, agora referido ao portugués:

Ilustración 1: O peso da lingua.



Fonte: Revista Língua Portuguesa, decembro / 2011. Retirado de <http://revistalingua.uol.com.br/textos/72/o-valor-do-idioma-249210-1.asp>.

4 Retirado de <http://www.abc.es/20111206/economia/abci-espanol-produccion-201112060303.html>.

Non raramente, as gabanzas da lingua en foco, formuladas a ton cos discursos economicistas da globalización neoliberal, deixan albiscar as pervivencias da chatarra retórica do vello imperialismo. Así, como exemplo ilustrativo, un artigo titulado “El español, lengua internacional”, aparece encabezado cunha frase de nada menos que o emperador Carlos V que reza: “mi lengua española, la cual es tan noble que merece ser sabida y entendida de toda la gente cristiana”⁵. Claro está que onde hai retórica e ideoloxía, tamén hai intereses máis ou menos confezables (véxase por caso Valle / Villa, 2007) sobre a política lingüística de España en relación co Brasil).

Xa que logo, á derradeira, a globalización ultraliberal, co seu efecto de comodificación das linguas e as culturas, acaba por resultar un obstáculo pa a interculturalidade, pola sinxela razón de que a comodificación hipervalora o potencial comunicativo das linguas pero infravalora a súa asociación coas respectivas culturas.

O futuro da globalización e o porvir da diversidade

En que senso se decantará finalmente ese conxunto variopinto e en moitos senso contraditorio de procesos que denominamos *globalización*? Como será o novo escenario ecolingüístico resultante? Imporase unha tendencia uniformizadora, converxendo as linguas e culturas do mundo co inglés e a cultura dominante anglosaxoa, definitivamente *comodificados*? Será que algunhas das grandes linguas –como o español ou o portugués, mais tamén o francés e o ruso– poderán ser dabondo *comodificadas* para tirar proveito do novo escenario? Que acontecerá con outras linguas de estados-nación, grandes –como o alemán–, medianas –como o italiano ou o polaco– ou pequenas, coma o grego, o sueco, o checo ou o lituano? Cal será o destino das linguas e culturas ameazadas e minorizadas, como a galega, a vasca ou a galesa?

Non é doado predicilo. Obviamente, existen poderosas forzas que apuxan cara á culminación da tendencia á drástica redución da diversidade lingüística e cultural dos últimos séculos, acelerada nas décadas pasadas (Crystal, 2000). Se continúa a imporse a valorización das linguas e as culturas en termos estritos de mercadoría, probablemente asistiremos á culminación da hecatombe lingüístico-cultural en marcha: segundo estimacións confiables, ao longo do século XXI

5 Retirado de <http://www.vallenajerilla.com/berceo/marcos/lenguainternacional.htm>.

desaparecerá o 90% das linguas que se falaban ao comezo deste. Pode discutirse o significado deste feito en termos de perda de riqueza para o conxunto da humanidade, pero o que non se pode discutir é que o feito está en camiño de ocorrer (Nettle & Romaine, 2000).

Por outra banda, na globalización tamén coexisten outros elementos –novos medios de comunicación, novos recursos tecnolóxicos e lingüísticos, novos valores, novas mentalidades– que poden facilitar a creación de condicións de sustentabilidade do multilingüismo, e en concreto, da revitalización e mantemento das linguas ameazadas. O que cómpre, en todo caso, é ter claro por que modelo se desexa optar.

Reflexións e propostas ao fío dun congreso iberoamericano

O proceso de reformulación da identidade colectiva que se está a producir no Brasil, ao abeiro da profunda vaga democratizadora que se desenvolveu nas últimas décadas, pode ser ilustrativo dos efectos paradoxais da globalización sobre a diversidade lingüística. Aquela xigantesca nación, que se imaxinaba racialmente branca, culturalmente europea e lingüísticamente portuguesa, está a construír unha nova identidade, empeñada por incorporar as compoñentes indoamericana e africana e as achegas das distintas migracións máis recentes. Correspondentemente, esa nación xa non aspira a falar ‘portugués’ entendido á moda europea (en realidade, lisboeta), senón que decidiu reivindicar e recrear os seus modos de expresión propios, aceptando unha certa pluralidade e adoptando criterios flexibles. Este é o fondo do intenso e interesantísimo debate que se está a producir naquel país en relación coa redefinición da norma lingüística do portugués do Brasil (Bagno, 2002 e 2003; Faraco, 2008). Atreveime a formular o seguinte prognóstico: ou o portugués se reinventa como lingua policéntrica ou acabará fragmentándose, co brasileiro escindíndose como lingua independente (Baxter, 1992). Neste punto, na miña modesta opinión, e sen querer interferir nun debate que os propios interesados deben resolver, radica a posible fortuna do Acordo Ortográfico dos ‘90: que sexa un punto de partida para abandonar os moldes das vellas linguas monocéntricas, mirando de conciliar as dúas tendencias contraditorias da globalización⁶. Isto é,

6 Pezas especialmente significativas do debate arredor do portugués como lingua internacional e da noción de *lusofonía* son Pinto (2009); Castilho (2013); Castro (2010); Faraco (2010 e 2012); Oliveira (2013a e 2013b); Martins (2012, 2014); Martins, Sousa & Cabecinhas (2007); e o conxunto de traballos recollidos en Moita Lopes (2013), Martins (2015) e Martins, et al. (2014).

apoiando a tentativa de reposicionar o portugués como lingua de comunicación internacional precisamente nun recoñecemento sincero da diversidade lingüística e cultural.

Neste novo contexto é tamén no que teñen que situarse idiomas menores e minorizados como o galego. Pensando neste último, non será renunciando á nosa condición bilingüe, fronteiriza, difusa e dispersa, como nos abriremos o camiño cara ao porvir. Se conseguimos labrar un futuro para o noso idioma e cultura propios (tarefa extremadamente difícil) será precisamente aprendendo desa experiencia (dolorosa, mesmo traumática) de contacto, dominación, marxinalización e conflito, pero tamén de combate pola dignificación, a reconstrución e a revitalización do noso idioma, da cultura e a identidade propias. Só teremos futuro como pobo, cultura e lingua diferenciados se soubermos explotar as vantaxes, no novo contexto, e ofrecer os ensinamentos que saibamos extraer da nosa atribulada historia e a nosa problemática condición.

Canto ao espazo íbero-(afro-)americano, o futuro só pode vir da construción dun ámbito de comunicación e troca entre libres e iguais, en que poñamos en valor os intereses comúns e saibamos valorizar o que temos de semellantes tanto como respectar o que temos de diferentes. Un respecto que non podemos confundir nin coa veneración acrítica da diferenza nin coa tolerancia condescendente ou negligente co outro. A clave está en activar os procesos de diálogo, de *coñecemento* e *recoñecemento* mutuos: partirmos das respectivas identidades pero non obsesionados en reafirmármolos nelas, senón coa disposición para enriquecelas, adaptalas e renovalas mediante as nosas trocas. O coñecemento mutuo ten no caso do galego e os países de expresión portuguesa a paradoxal condición dunha aventura tanto cara a fóra como cara a dentro: canto máis e mellor nos coñecemos mutuamente, máis e mellor os parceiros nos coñecemos a nós mesmos (Monteagudo & Alonso Pintos, 2010).

No aspecto lingüístico, unha estratexia de grande valor é o fomento do denominado *bilingüismo receptivo* ou sesquilingüismo, que facilita o *contacto bilingüe*: sabemos que a capacidade para a intercomprensión mutua depende un tanto do coñecemento da lingua do outro, e noutro tanto nunha actitude de escoita activa (Teyssier, 2004)⁷. Cun pouco de esforzo, unha actitude proactiva e un chisco de experiencia na comunicación interlingüística, os falantes das linguas neolatinas ibero-(afro-)americanas (castelán e portugués, pero tamén galego e catalán,

7 Véxase o sitio web <http://lingalog.net/dokuwiki/es/intercomprension/accueil>.

francés e italiano) podemos entendernos empregando cada un a súa lingua, ao tempo que podemos acceder aos produtos culturais e ás redes de comunicación en todas esas linguas: velaí a noción do contacto bi- ou multilingüe. Os sistemas educativos dos nosos países deberan orientarse de xeito máis decidido a favorecer esa competencia multilingüe receptiva. Pero tamén os medios de comunicación deben xogar un papel na visibilización, familiarización e exposición das distintas linguas e culturas.

Por último, permitímonos suxerir a conveniencia de encadrar este tipo de encontros no novo paradigma dos estudos trasatlánticos, que alén de permitírnos a incorporación de África ao diálogo entre Europa e América, salientan a importancia dun elemento fundamental das nosas realidades: as migracións. A nosa condición de pobos que experimentaron e experimentan a diáspora, o rol das respectivas diásporas en cadanseu proceso histórico, o lugar da diáspora –emigración e exilio– nos nosos imaxinarios colectivos, son todos eles asuntos que deben ser reexaminados á luz dos novos paradigmas relacionados coa globalización. Que experiencia pode ser máis acaída cá diáspora para a partir dela reflexionar sobre o dinamismo das identidades, o esvaemento das fronteiras, o cuestionamento da noción de centro e periferia, a interculturalidade, os procesos de hibridamento, o plurilingüismo, a desterritorialización das linguas?

Os estudos trasatlánticos tamén nos convidan a imaxinar o espazo mundo desde outro punto de vista: na perspectiva trasatlántica, os nosos países, as nosas culturas, as nosas identidades, xa non aparecen como periferia, senón como membros activos dun ámbito dinámico, axentes conectados nunha rede difusa de conexións horizontais, participantes integrados nun ámbito en construción do que todos somos parceiros e todos aprendemos de todos en condicións de igualdade. E ocasións como a presente, un encontro efectivamente trasatlántico, figúransenos finalmente como un fito valioso nese camiño.

Referencias bibliográficas

- BAGNO, M. (Org.) (2002). *Lingüística da norma*. São Paulo: Loyola.
- BAGNO, M. (2003). *A norma oculta. Língua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola.
- BASTARDAS i Boada, A. (1996). *Ecología de les llengües*. Barcelona: Proa.
- BAXTER, A. (1992). Portuguese as a pluricentric language. In M. Clyne (Ed.), *Pluricentric Languages. Differing Norms in Differing Nations* (pp. 11-43). Berlín/Nova Iorque: de Gruyter.

- BRUTHIAUX, P. (2008). Dimensions of Globalization and Applied Linguistics. In R. Rubdy & P. Tan (Eds.), *Language As Commodity* (pp. 16-30). Nova Iorque: Continuum International Publishing Group.
- CALVET, L.-J. (1999). *Pour une écologie des langues du monde*. Paris: Plon.
- CALVET, L.-J. (2002). *Le marché aux langues. Les effets linguistiques de la mondialisation*. Paris: Plon.
- CASTILHO, A. T. de (2013). Desafios para a promoção e a internacionalização da língua portuguesa. In Colóquio sobre A internacionalização da língua portuguesa: concepções de ações. Mesa redonda sobre “A língua portuguesa e suas perspectivas para o século XXI”. UFSC, 6 a 8 de março de 2013. Retirado de <http://anpoll.org.br/portal-novo/wp-content/uploads/2013/03/ATALIBA-T-DE-CASTILHO-DESAFIOS-PARA-A-PROMO%C3%87%C3%83O-E-A-INTERNACIONALIZA%C3%87%C3%83O-DA-LINGUA-PORTUGUESA.pdf>.
- CASTRO, I. (2010). As Políticas Linguísticas do Português. In *Textos Seleccionados, XXV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística* (pp. 65-71). Porto: Associação Portuguesa de Linguística. Retirado de <http://www.apl.org.pt/docs/25-textos-seleccionados/05-Ivo%20Castro.pdf>.
- CLYNE, M. (Ed.) (1992). *Pluricentric Languages. Differing Norms in Differing Nations*. Berlin / Nova Iorque: de Gruyter.
- CRYSTAL, D. (1997). *English as a Global Language*. Cambridge: Cambridge University Press.
- CRYSTAL, D. (2000). *Language Death*. Cambridge: Cambridge University Press.
- COUPLAND, N. (Ed.) (2010). *The handbook of language and globalization*. Chichester: Wiley-Blackwell.
- DELGADO, J. L. G.; Alonso, J. A. & Jiménez, J. C. (2012). *Valor económico del español*. Barcelona: Colección Fundación Telefónica.
- FARACO, C. (2008). *Norma culta brasileira: destando alguns nós*. São Paulo: Parábola.
- FARACO, C. (2010). As encruzilhadas da lusofonia. *Grial*, 187, pp. 76-81.
- FARACO, C. (2012). Lusofonia: utopia ou quimera? Língua, história e política. In T. Lobo; Z. Carneiro; J. Soledade; A. Almeida & S. Ribeiro (Eds.), *ROSAE. Linguística histórica, história das línguas e outras histórias* (pp. 31-50). Salvador: EDUFBA. Retirado de http://issuu.com/prohpor/docs/parte_1_-_rosae_-_ling_hist_rica_.
- HELLER, M. (2011). *Paths to Post-Nationalism: A Critical Ethnography of Language and Identity*. Oxford: Oxford University Press.
- HELLER, M. & Duchêne, A. (Eds.) (2012). *Language in Late Capitalism: Pride and Profit*. Londres: Routledge.
- JOSEPH, J. E. (1987). Eloquence and power: *The rise of language standards and standard languages*. Nova Iorque: Basil Blackwell.

- MARTINS, M. L. (Ed.) (2015). *Lusofonia e Interculturalidade. Promessa e Travessia*. Famalicão: Húmus. Retirado de <http://hdl.handle.net/1822/39693>.
- MARTINS, M. L. (2014). Língua Portuguesa, globalização e lusofonia. In N. Bastos (Org.). *Língua Portuguesa e Lusofonia* (pp. 15-33). São Paulo, EDUC – IP-PUC. Retirado de <http://hdl.handle.net/1822/29178>.
- MARTINS, M. L. (2012). Revistas científicas de Ciências da Comunicação em Portugal: da divulgação do conhecimento à afirmação do Português como língua de pensamento e conhecimento. *Intercom – Revista Brasileira de Ciências da Comunicação*, 35 (1), pp. 233- 251. São Paulo. Retirado de <http://hdl.handle.net/1822/23768>.
- MARTINS, M. L. (2011). *Crise no castelo da cultura. Das estrelas para os ecrãs*. Coimbra: Grácio. Retirado de <http://hdl.handle.net/1822/29167>.
- MARTINS, M. L.; et alii (Eds.) (2014). *Interfaces da Lusofonia*. Atas da Conferência “Interfaces da Lusofonia” – 4-6 de julho de 2013. Braga: Universidade do Minho / Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (CECS). eBook. Retirado de <http://hdl.handle.net/1822/29765>.
- MARTINS, M. L.; Sousa, H. & Cabecinhas, R. (Eds.) (2007). Lusocom: estudo das políticas de comunicação e discursos no espaço lusófono. In M. Ledo Ándion (Org.). *Comunicación Local no Espazo Lusófono* (pp. 301-310). Santiago de Compostela: Agacom. Retirado de <http://hdl.handle.net/1822/24127>.
- MOITA Lopes, L. P. da (Org.) (2013). *Português no século XXI: cenário geopolítico e sociolinguístico*. São Paulo: Parábola.
- MONTEAGUDO, H. (2002). A lingua como visión do mundo. Perspectivismo e igualdade das linguas en Wilhem von Humboldt. *Grial*, 153, pp. 11-33.
- MONTEAGUDO, H. & Pintos, S. A. (2010). Que Lusofonia para a Galiza? In M. de L. Martins; R. Cabecinhas & L. Macedo (Orgs.), *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona 2010. Lusofonia e sociedade em rede* (pp. 177-188). Coimbra: Grácio Editor/CECS.
- MONTEAGUDO, H. (2012). *A invenção do monolingüismo e da língua nacional*. *Gragoatá*, 32, pp. 43-54.
- NETTLE, D. & Romaine. S. (2000). *Vanishing Voices. The Extinction of the World's Languages*. Oxford: Oxford University Press.
- OLIVEIRA, G. M. de (2013a). Política lingüística e internacionalização: a língua portuguesa no mundo globalizado do século XXI. *Trabalhos em Linguística Aplicada*, 52(2), pp. 409-433. Retirado de <http://www.scielo.br/pdf/tla/v52n2/a10v52n2.pdf>.
- OLIVEIRA, G. M. de (2013b). Um Atlântico Ampliado: o português nas políticas lingüísticas do século XXI. In L. P. da M. Lopes (Org.), *O Português no Século XXI – cenário geopolítico e sociolinguístico* (pp. 53-73). São Paulo: Parábola.

- PINTO, J. F. (2009). *Estratégias da ou para a Lusofonia?. O futuro da língua portuguesa*. Lisboa: Prefácio.
- PÖLL, B. (2001). Essai de standardologie comparée: Quelques éléments pour une comparaison d'espagnol et du portugais européens et américains. *Revue belge de philologie et d'histoire / Belgisch tijdschrift voor filologie en geschiedenis*, 79(3), pp. 907-930.
- TAN, P. K. W. & Rubdy, R. (Eds.) (2008). *Language As Commodity. Global Structures, Local Marketplaces*. Londres/Nova Iorque: Continuum.
- TEYSSIER, P. (2004). *Comprendre les langues romanes. Du français à l'espagnol, au portugais, à l'italien & au romain*. Paris: Chandeigne.
- VALLE, J. del & Villa, L. (2007). La lengua como recurso económico: Español S.A. y sus operaciones en Brasil. In J. del Valle (Ed.), *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideologías del español* (pp. 97-128). Madrid/Frankfurt: Iberoamericana/Vervuert.
- VALLE, J. del (2011). Transnational languages: beyond nation and empire? An introduction. *Sociolinguistic Studies*, 5(3), 387-39). Retirado de <http://www.equinoxpub.com/journals/index.php/SS/article/view/12431/12539>.